



Esta bolsa-homenaxe a Juan Lampón ten por obxectivo honrar a memoria dun rapaz tan querido como foi Juan, e motivar a todos a seguir o modo de vida que tiña, apaixonado polo deporte e responsable coas súas obrigas académicas e persoais. Para que vos fagades unha idea, Juan estudou no noso IES ata rematar o bacharelato, vindo moitos dos días en bicicleta. Compaxinaba os estudos co xadrez, xogaba ao hockey a patíns (era o capitán e adestraba aos pequenos), e saía a correr cedo sendo a súa ruta favorita a subida a Curota. Pero o que máis lle apaixonaba eran os deportes acuáticos, facía 3000 metros na piscina de Ribeira a que se desprazaba na súa bicicleta. E sobre todo o mar, practicaba windsurf, vela lixeira, dorna a vela e cruceiro. Sendo monitor de vela daba clases no náutico chegando a ser profesor dos profesores do centro.

Destinatarios: Alumnos do I.E.S. da Pobra

I.E.S. da Pobra do Caramiñal
Xobre - Maño, s/n - 15940 Pobra do Caramiñal

IV BOLSA A DEPORTISTAS



JUAN LAMPÓN

CATEGORÍA "CARAVEL"
1º, 2º, 3º da ESO

CATEGORÍA "RACLERO"
4ª da ESO
1º e 2º de BAC
Ciclos Formativos

BASES

ORGANIZA:



BASES

Nome da Bolsa:

Juan Lampón.

Participantes:

Todo o alumnado do IES da Pobra.

Categorías:

- **Caravel:** 1º, 2º e 3º da ESO
- **Raclero:** 4º da ESO, 1º e 2º da BAC e Ciclos Formativos

Premio:

- **Categoría Caravel:** 3 bolsas de 200€ en material escolar e/ou deportivo.

- **Categoría Raclero:** 3 bolsas de 300€ en material escolar e/ou deportivo.

(No caso de 2º de Bacharelato, o premio podería destinarse a pagar a matrícula da Universidade)

Solicitudes:

As candidaturas serán presentadas no prazo e forma que se indica polo alumnado interesado, ou, a proposta de calqueira membro da Comunidade Educativa, polo propio tribunal.

- Prazo e lugar de presentación: ata o 31 de maio, na secretaría do centro.
- Publicación provisional das candidaturas: 1 de xuño.
- Prazo de reclamacións á lista provisoria: ata o 7 de xuño.
- Lista definitiva de candidaturas: 8 de xuño.

Documentación a presentar:

- Certificado de estar federado.
- Certificado de pertenza a un clube ou escola deportiva.
- Calqueira outro mérito deportivo ou académico que o alumno considere oportuno.

Tribunal:

- Presidenta honorífica: Dolores Outeiral Souto.
- Director do IES da Pobra do Caramiñal.
- Un membro do Departamento de Educación Física.
- Un alumno representando a cada unha das dúas categorías elixido pola Xunta de Delegados.
- Un representante das familias no Consello Escolar.

Baremo:

- Cualificación media do curso académico: de 0 a 10 puntos (total do expediente académico).
- Pertenza a unha federación: ata 3 puntos pola 1º federación, e ata 0,5 pola segunda previa verificación por parte do tribunal de que o candidato está inscrito e participa regularmente das actividades convocadas.
- Pertenza a un clube ou escola deportiva: ata 3 puntos polo 1º clube ou escola, e ata 0,5 polo segundo previa verificación por parte do tribunal de que o candidato está inscrito e participa regularmente das actividades organizadas polo clube ou escola.
- Outros méritos (a valorar polo tribunal):
ata 3 puntos. Competicións, logros deportivos, colaboracións en eventos deportivos, titulacións deportivas, méritos académicos.